

Procedemento para dar de alta profesores na comunidade


Os profesores deberán entrar por primeira vez en Agueiro autenticándose coas súas credenciais corporativas (usuario e contrasinal do seu correo electrónico). Neste primeiro acceso a Agueiro, os profesores non forman parte de ningunha comunidade, polo que será necesario que un administrador da propia comunidade lles envíe unha invitación, desde a seguinte pantalla:

Menú = “Administrar - Comunidades - Membros”

Despois de realizar a busca do profesor (introducindo algún dato persoal), será necesario incluír a ese profesor no recadro da dereita **"Usuarios para invitar"** e finalmente pulsar o botón **"Invitar usuarios"**.

O profesor/a recibirá a invitación tanto no seu propio correo electrónico como na mensaxería interna de Agueiro. Despois de aceptar esta invitación, o profesor/a xa formará parte da Comunidade á que foi invitado.

Por último, os administradores da comunidade asignaránlle ao profesor/a o rol de **"Xestor"** para que poida crear e xestionar os seus propios grupos.



The screenshot shows the Agueiro web interface. At the top, there's a header with the Agueiro logo and navigation links like 'Usuarios/as', 'Grupos', 'Comunidades', and 'Inicio'. Below this is a sub-header with 'Membros da comunidade'. The main content area has a section titled 'Usuarios para mostrar' with a dropdown menu. A red circle highlights the dropdown menu, and a red arrow points to the 'Invitar usuarios' button. The page also includes a search bar and a 'Ver' button.